

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019062	IES Rosais 2	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura I	1º Bac.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	60
4.2. Materiais e recursos didácticos	60
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	61
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	61
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	64
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	65
6. Medidas de atención á diversidade	65
7.1. Concreción dos elementos transversais	66
7.2. Actividades complementarias	73
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	74
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	75
9. Outros apartados	75

1. Introducción

A materia de Lingua Galega e Literatura mantén en bacharelato unha continuidade coa etapa anterior, á vez que ten uns fins específicos en consonancia cos obxectivos desta etapa. Así, a educación lingüística e literaria debe contribuír á madurez persoal e intelectual da mocidade; brindar os coñecementos, habilidades e actitudes que lle permitan participar na vida social e exercer a cidadanía democrática de maneira ética e responsable, así como capacitala para o acceso á formación superior e ao futuro profesional de maneira competente.

O obxectivo da materia de Lingua Galega e Literatura oríentase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e a igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe á progresión no desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

Os obxectivos de Lingua Galega e Literatura en bacharelato marcan unha progresión a respecto dos da educación secundaria obrigatoria dos que se parte nesta nova etapa. O afondamento a respecto da etapa anterior estriba nunha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como na mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axuden a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Proponse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que incida nesta etapa na relación continua entre o pasado e o presente.

O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación. Os textos académicos son os que constrúen a formación científica e humanística de cada estudante nesta etapa; os textos dos medios de comunicación, os que os poñen en contacto coa realidade social, política e cultural do mundo contemporáneo. Por iso, o traballo interdisciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento.

A respecto da competencia literaria, en bacharelato preténdese unha progresiva confluencia entre as modalidades de lectura guiada e lectura autónoma, tanto no relativo aos seus respectivos corpus como ás súas formas de fruición. O desenvolvemento da educación lingüística e literaria esixe nesta etapa unha maior capacidade de abstracción e sistematización, así como o manexo unha metalinguaxe específica que permita unha aproximación máis reflexiva aos usos orais e escritos.

Para cada obxectivo fórmulanse criterios de avaliación que establecen o nivel de desempeño esperado en cada un dos cursos. Teñen un claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos. Por iso, tanto os contidos como os criterios de avaliación gardan paralelismo nos dous cursos e continuidade evidente cos de etapas precedentes. Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques: «As linguas e os seus falantes», «Comunicación», «Educación literaria» e «Reflexión sobre a lingua».

As situacións de aprendizaxe da materia de Lingua Galega e Literatura deben adestrar o alumnado no uso dos recursos que lle permitirán afrontar os retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas; capaces de facer un uso eficaz e ético das palabras; respectuosas cara ás diferenzas; competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; con capacidade para adquirir información e transformala en coñecemento, e para aprender por si mesmas, colaborar e traballar en equipo; creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural propio, a defensa dos dereitos humanos, e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. A diversidade lingüística da maior parte dos contextos escolares e a innegable necesidade dunha educación plurilingüe para todo o alumnado, convida ao tratamento integrado das linguas como a mellor canle para estimular non só a reflexión interlingüística, senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, en que a miúdo se han de manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. A lusofonía. As orixes do galego. Palabras patrimoniais, cultismos, semicultismos. O galego antigo.	Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas. Describir a diversidade na Península Ibérica e determinar o papel da lusofonía. Describir a historia da lingua do latín ao galego e distinguir os elementos constitutivos deste. Recoñecer os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e citar exemplos, así como distinguir as familias léxicas irregulares e utilízalas correctamente. Identificar e describir as características lingüísticas fundamentais do galego antigo, o seu contexto e identificalo en textos.	5	5	X		
2	Distinción entre a forma (categorías gramaticais. e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta.). Substantivo. Adxectivo. Demonstrativo e posesivo. Pronome persoal.	Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais e mais das funcións sintácticas na oración simple e composta. Recoñecer os trazos do substantivo e adxectivo cualificativo, explicar os seus usos e valores nos textos. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos demostrativos e posesivos, explicando os seus usos e valores especiais nos textos. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos pronomes persoais e explicar os seus usos e valores nos textos. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e función sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.	5	5	X		
3	Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado.	Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras. Reflexionar sobre as mudanzas no significado e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.	5	5	X		
4	As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.	Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas. Recoñecer os valores dos significados das palabras en función do contexto e propósito comunicativo	5	5	X		
5	Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade	Identificar, analizar e describir a literatura medieval: contextualizar sociohistórica e	5	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero: - Literatura medieval - Séculos escuros e Ilustración	sociolingüisticamente as súas orixes, definir as características principais e analizar a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval. Identificar, analizar e describir a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente a produción desta etapa, e describir e analizar as obras e os/as autores/as principais.	5	5	X		
6	Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega: Infamia (autora: Leticia Costas); Tantos anos de silencio (autor: Francisco Castro).	Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa da literatura contemporánea.	5	4	X		
7	Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos de cohesión .	Recoñecer en producións escritas as propiedades textuais (a coherencia e a adecuación) e os elementos de cohesión .	4	5	X		
8	Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica con especial atención ao caso galego: - O galego medio	Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describir o seu contexto e identificalo en textos. Describir o contexto histórico e cultural do galego medio así como a súa situación sociolingüística. Analizar a repercusión desta etapa de dialectalización da lingua no desenvolvemento posterior do galego.	5	5		X	
9	Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego	Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.	5	5		X	
10	Grao de formalidade da situación; distancia social entre interlocutores; propósitos comunicativos; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. Niveis de lingua e fala	Recoñecer o grao de formalidade á hora de expresarse nunha situación determinada. Recoñecer os diferentes propósitos comunicativos, as posibles canles de comunicación e os elementos non verbais que interveñen na comunicación. Recoñecer en diversos textos os niveis de lingua e de fala. Recoñecer os rexistros lingüísticos en textos orais e escritos en función da intención comunicativa.	4	5		X	
11	Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). Determinantes e pronomes	Recoñecer en textos as categorías gramaticais e as funcións sintácticas das palabras nas oracións simples e compostas. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos determinativos e pronomes (determinantes e núcleos do SN).	5	5		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. - Prerrexurdimento e Rexurdimento - Rosalía de Castro	Identificar, analizar e describir a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente a produción desta etapa, e describir e analizar as obras e os autores principais. Identificar, analizar e describir a literatura do Prerrexurdimento e do Rexurdimento;; contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente a produción destes períodos e describir e analizar as obras e os autores principais deste período, fundamentalmente centrándose na obra de Rosalía de Castro. Ler textos significativos, identificando as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	5	5		X	
13	Prexuízos e estereotipos. Préstamos, interferencias. Bilingüismo. Diglosia. Dereitos lingüísticos. Modelos de convivencia entre linguas. Linguas hexemónicas, minoritarias e minorizadas. Ecoloxía lingüística	Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e describir e analizar cuestións sociolingüísticas. Recoñecer os préstamos e as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos. Distinguir conceptos básicos de contacto de linguas e describir os fundamentos do ecolingüismo. Diferenciar e explicar os conceptos de multilingüismo, plurilingüismo, bilingüismo, diglosia e conflito lingüístico; lingua hexemónica, lingua minoritaria e lingua minorizada. Describir os fundamentos do ecolingüismo.	6	5		X	
14	Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega: Infamia; Tantos anos de silencio	Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa da literatura contemporánea.	5	4		X	
15	Textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. Diferenzas entre lingua oral e lingua escrita. Produción oral formal.	Artellar textos orais e escritos pertencentes a diferentes ámbitos. Diferenciar os trazos da lingua oral dos da lingua escrita. Expoñer textos orais caracterizados pola súa produción formal.	4	5			X
16	Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. Textos argumentativos e expositivos. O comentario crítico.	Diferenciar e identificar os xéneros discursivos do ámbito educativo. Caracterizar, identificar e producir textos argumentativos e expositivos pertencentes a distintos ámbitos de uso. Realizar comentarios críticos partindo da realización de tema, título, resumo, esquema, ideas principais e estrutura.	4	5			X
17	Xéneros discursivos propios do ámbito social: o ensaio. As redes sociais e os medios de	Diferenciar e identificar os xéneros discursivos do ámbito social. Caracterizar e identificar textos en forma de ensaio.	4	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
17	comunicación. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol	Comprender, producir e valorar de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión. Interpretar as mensaxes publicitarias e recoñecer os elementos de persuasión dos anuncios como o ciberanzol. Identificar e rexeitar as ideas e os usos lingüísticos discriminatorios dos textos publicitarios.	4	5			X
18	Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.	Recoñecer as diferentes estruturas sintácticas, explicar as relacións que se establecen e empregar a terminoloxía axeitada. Identificar e explicar as relacións e unidades semánticas. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e función sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos tendo en conta o seu propósito comunicativo.	4	5			X
19	Distinción entre forma e función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). Perífrases. Infinitivo conxugado. Valores das formas verbais. Preposición. Conxunción.	Recoñecer en textos as categorías gramaticais e as funcións sintácticas das palabras nas oracións simples e compostas. Recoñecer e identificar os trazos característicos das perífrases e do infinitivo conxugado, explicando os seus usos e valores nos textos.	5	5			X
20	Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades. - Eduardo Pondal - Curros Enríquez - A literatura Antre dous séculos	Ler textos significativos dos principais autores do Rexurdimento pleno, focalizando en Pondal e Curros Enríquez, e os comezos do século XX ata 1916, identificando as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. Ler e comentar textos representativos da literatura do Rexurdimento pleno e a literatura de comezos do século XX ata 1916, caracterizalos formal, estrutural e tematicamente e poñelos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	4	5			X
21	Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega: Erros e Tánatos	Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa da literatura contemporánea.	3	4			X
22	Selección das obras coa axuda de recomendacións . Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos das obras. Lecturas voluntarias	Analizar e comentar, a través de probas, escritas ou orais, ou traballos, cando menos unha obra completa da literatura contemporánea dunha listaxe previamente seleccionada polo seu interese polo profesorado da materia.	3	3			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. A lusofonía. As orixes do galego. Palabras patrimoniais, cultismos, semicultismos. O galego antigo.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais	Recoñece e valora as linguas da Península Ibérica e explicacoa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos das mesmas	PE	59
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica estrutura, sentido global e intención do emisor en textos escritos dos medios de comunicación e ámbito académico.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Demostra a lectura dunha obra do currículo e argumenta a súa selección e a súa comprensión reflexionada.		
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Elabora unha interpretación persoal, mediante unha metalinguaxe específica, arredor da lectura seleccionada.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explica, a partir das lecturas realizadas, as relacións internas que se producen na mesma e as relacións externas dela co seu contexto sociohistórico e tradición literaria.		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica e recoñece as eleccións lingüísticas do emisor utilizando unha metalinguaxe específica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	Respecta e valora a riqueza cultural, lingüística e dialectal que presenta o fenómeno do contacto entre linguas.		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Rexeita reflexivamente os usos discriminatorios da lingua		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Manexa estratexias no diálogo para evitar conflitos e lograr resolvelos		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica estrutura, sentido global e intención do emisor en textos orais de diferentes ámbitos		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Identifica os procedementos comunicativos empregados en textos orais de diferentes ámbitos	TI	41
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións sobre temas propostos polo profesorado con fluidez, coherencia, cohesión e rexistro adecuado		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Realiza intervencións orais a partir dun traballo en equipo respectando as normas de cortesía lingüística		
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica estrutura, sentido global e intención do emisor en textos escritos dos medios de comunicación e ámbito académico.		
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Identifica de forma crítica os procedementos comunicativos empregados en textos complexos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Elabora textos académicos a partir dun tema curricular respectando situación, destinatario e canle de redacción.		
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Utiliza recursos na elaboración de textos que aporten precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical		
CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elabora traballos de forma autónoma a partir de temas curriculares, a partir da consulta de diferentes fontes e demostrando a súa autonomía e orixinalidade , mostra do propio traballo.		
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Reflexiona criticamente arredor da noticias que aprehe nas redes sociais, para detectar as que son falsas ou conceptos como o ciberanzol.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Identifica de forma crítica os procedementos comunicativos empregados en textos complexos		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona, obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Realiza exposicións orais argumentados, relacionando literatura e outras manifestacións artísticas, a partir do coñecemento dun tema do currículo inspirado nos clásicos da literatura galega		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos en diferentes soportes a partir da lectura de fragmentos que presenten diversos xéneros e estilos literarios, e onde mostre intención literaria e conciencia de estilo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa criticamente textos propios e fai propostas de mellora a partir dunha reflexión metalingüística.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa criticamente textos propios e fai propostas de mellora a partir dunha reflexión metalingüística.		
CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Presenta de forma oral e escrita, e a partir dun tema do currículo, proxectos nos que investigue sobre o funcionamento da lingua, utilizando a terminoloxía lingüística adecuada, e tras consultar información en diferentes soportes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. - Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil). - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención ao éuscaro e ao catalán), contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater. - Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación. - Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación.

Contidos

- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.

Contidos

- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
2	Distinción entre a forma (categorías gramaticais. e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta.). Substantivo. Adxectivo. Demostrativo e posesivo. Pronome persoal.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Recoñecer diferentes formas gramaticais e función das palabras, nomeadamente substantivo, adxectivo, demostrativo e pronome persoal en textos e oracións simples e compostas.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Facer unha reflexión metalingüística e interlingüística, utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	TI	20
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Recoñecer o propósito comunicativo que deriva nunha elección lingüística do mesior utilizando unha metalinguaxe específica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
3	Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais	Recoñece as linguas da Península Ibérica e explica o seu desenvolvemento histórico, con especial incidencia na lingua galega	PE	58

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor, fixándose especialmente nos procedementos de formación e adquisición de palabras.		
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, fixándose especialmente nos procedementos de formación e adquisición de palabras.		
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora criticamente a forma e o contido de textos complexos, fixándose especialmente nos procedementos de formación e adquisición de palabras.		
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, fixándose especialmente nos procedementos de formación e adquisición de palabras.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elixi e le de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea		
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Partilla a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elabora unha interpretación persoal		
Para levalas a cabo, ofrécense actividades de diversos tipos que responden a diferentes enfoques, formas de aprendizaxe e niveis de complexidade, individuais ou de grupo, asociadas ou non a técnicas determinadas e en función dos campos traballados da lingua e a literatura: actividades de identificación, de relación, de clasificación, de organización, de estruturación, de síntese, de análise inductiva e deductiva, de lectura, de comentario, de escritura, de chuvia de ideas, de diálogo e debate, de reflexión, de contextualización, de busca de información e de investigación, entre outras.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula Virtual do centro
Biblioteca escolar do centro
Libros de lectura obrigatorios no nivel
Lecturas en soportes variados. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura (lecturas voluntarias)
Páxina web do centro

Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.
Dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes.
Xornais. O xornal dixital. Audición de textos poéticos recitados ou cantados das distintas etapas da literatura galega.
Visionado de fragmentos de actuacións ou entrevistas de actualidade relacionadas coa lingua e literatura. Proxección de vídeos de carácter didáctico sobre diversos autores. Visionado de vídeos baseados en adaptacións literarias
Mapas xeográficos, lingüísticos e dialectais.
Gravacións do Consello da Cultura Galega.

Ao non ser obrigatorio o libro de texto neste nivel, todo tipo de material teórico fornecerase a través da aula virtual, de onde o alumnado debe recollelo para traballar con el. Os libros de lectura para este nivel serán os seguintes: : Infamia (autora: Leticia Costas); Tantos anos de silencio (autor: Francisco Castro); Erros e Tánatos (autor: Gonzalo Navaza). A listaxe das lecturas voluntarias parte da seguinte recomendación ampliable: Ás de bolboreta, Resistencia, Vento ferido, O corazón de Branca da neve, O único que queda é o amor, Sete caveiras, Ruído. Relatos de guerra, Ardalén, O club da calceta.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe farase en dous momentos: nun primeiro momento mediante a avaliación inicial ao comezo de curso, co fin de establecer o punto de partida e de detectar o alumnado con carencias e poder ofrecer posibles respostas a elas. Para isto realizaranse unhas probas que non se cualifican, pero que si serán de grande aporte para detectar problemas significativos no alumnado, ademais de servir de información e orientación ás familias, máxime cando no noso centro se recibe un número significativo de alumnado novo.

Estas probas de exploración inicial versarán sobre diferentes cuestións:

- Comprensión e expresión escritas: Sobre un texto, o alumnado deberá contestar unhas preguntas sobre vocabulario e comprensión do texto. Deberá tamén realizar unha breve composición para valorar a expresión escrita.

- Contidos: Inclúe cuestións sobre sociolingüística, actitudes lingüísticas e a propia lingua (acentuación, clases de palabras, localización de suxeito e predicado).

A avaliación inicial non será unha simple comprobación dos contidos asimilados polo alumnado senón tamén unha constatación das súas actitudes e da súa disposición de traballo. Valorarase igualmente a capacidade expresiva á hora de transmitir os coñecementos adquiridos.

Para constatar a evolución do alumnado, esencialmente nos campos de adquisición de procedementos e coñecementos e de desenvolvemento da capacidade expresiva,

O carácter das probas iniciais será esencialmente práctico. Para a valoración das mesmas terase en conta, sen menosprezo das cuestións teóricas que se poidan presentar, o dominio activo da lingua a nivel escrito.

Nas cuestións que atinxen á lectura das obras literarias, partirase de textos pertencentes ás obras e valorarase a comprensión e a análise dos mesmos a través de cuestións orientadoras. Poderán ser complementados con cuestións máis xerais sobre aspectos tratados no curso anterior e ou deducibles das propias obras.

Como norma xeral, valorarase a totalidade do proceso no tratamento de textos e lecturas previamente realizadas: obtención de información a partir de diversas fontes, selección crítica desa información, elaboración dun discurso propio, exposición axeitada, organización de contidos, emprego dun rexistro de lingua adecuado e corrección gramatical e ortográfica, así como unha boa presentación visual (apartados, títulos, marxes, limpeza)

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	5	5	5	5	4	5	5	4
Proba escrita	59	80	58	56	84	74	60	70	70	40
Táboa de indicadores	41	20	42	44	16	26	40	30	30	60

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16	UD 17	UD 18	UD 19	UD 20
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	6	5	4	4	4	4	5	4
Proba escrita	80	60	80	74	60	60	70	100	100	84
Táboa de indicadores	20	40	20	26	40	40	30	0	0	16

Unidade didáctica	UD 21	UD 22	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	3	3	100
Proba escrita	74	0	69
Táboa de indicadores	26	100	31

Crterios de cualificación:

Para constatar a superación dos obxectivos e contidos establecidos, recorrerase a diferentes tipos de probas que permitan facer un seguimento do rendemento e da evolución do alumnado. Para aprobar a materia en 1º de bacharelato deberanse ponderar os seguintes ítems por avaliación:

A. Probas escritas: No cómputo da nota, estas probas terán unha unha carga dun 80%.

En cada avaliación realizarase como mínimo unha proba escrita teórico-práctica correspondente aos temas desenvolvidos, que incluírá contidos gramaticais, de léxico, de lingua e sociedade, de literatura e de comprensión e expresión escritas (resumos de textos, localización de tema, estrutura...) Estas probas poderán chegar a puntuar ata un máximo de 8 ou ben sobre 10 aplicando a porcentaxe de 80%, e de realizarse dúas así cualificadas, a nota mínima esixida para realizar media será un 3 no primeiro caso e un

3,5 no segundo. Poderán realizarse tamén outro tipo de probas breves, ou tipo test, e de ser así a cualificación axeitarase ao volume do contido da proba, que poderá puntuar positiva ou negativamente. Do mesmo xeito, a puntuación correspondente a estas probas breves pódese contemplar de dous xeitos: ou ben descontando a puntuación que se lles outorgue da cualificación final da proba ou das probas que puntúan sobre 8 ou 10 (é dicir, se un exame tipo test se valora con 1 punto, o exame contaría sobre 7 ou sobre 9, non sobre 8 ou 10), ou ben sumándose á nota conseguida nos exames principais (é dicir, se a nota no exame ou exames principais é dun 5 e se obtivo un 1 nunha proba breve, a cualificación nas probas escritas sería dun 6). É evidente que en caso de que a nota sexa negativa influirá igualmente no desconto na cualificación. En calquera caso, a carga que teña cada unha das probas pode ser fixada con anterioridade, pois pode ocorrer que a carga de contidos non sexa idéntica en todas as probas. Tamén o profesorado informará da cualificación mínima necesaria nas probas para que estas poidan compensar unhas coas outras.

En cada unha das probas escritas terase en conta a presentación, a caligrafía, ortografía, o vocabulario, coherencia, cohesión e adecuación do escrito, que pode rebaixar nota ata un máximo de 2 puntos. Nas faltas de ortografía aplicarase o criterio da consideración de erros graves ou erros leves, a saber:

Erros graves (rebaixa de 0,1 puntos por erro)

- ¿ Emprego de tempos compostos
- ¿ A confusión TE/CHE
- ¿ A colocación incorrecta dos pronomes átonos
- ¿ Emprego do posesivo sen artigo
- ¿ Todo tipo de castelanismos (léxicos ou sintácticos)
- ¿ Omisión ou incorrecta colocación de acentos diacríticos

Erros leves (rebaixa de 0,05 puntos por erro)

- ¿ Acentuación non diacrítica (omisión ou abuso de acentos)
- ¿ Solucións ortográficas contrarias á norma (B/V, H, X/S, Y/z)
- ¿ Empregar abreviaturas como xq, q., ¿
- ¿ Empregar signos non lingüísticos nas explicacións (frechas, p.ex.)
- ¿ Vulgarismos (facilidá, p.ex) e dialectalismos (irmán por irmá, ¿)
- ¿ Formas correspondentes a un rexistro coloquial (pillar, ...)
- ¿ Ausencia de alternancia vocálica nos verbos
- ¿ Uso incorrecto de maiúsculas e minúsculas
- ¿ Separación incorrecta de palabras
- ¿ Falta de concordancia de xénero ou de número.
- ¿ Puntuación incorrecta (comas, puntos e coma, ¿)

Dentro desta rebaixa contéplase que aqueles exames que debido á súa caligrafía resulten de dificultosa lectura, ou ben que mostren unha nefasta presentación, serán penalizados mediante a rebaixa de ata 0,5 puntos no cómputo final dentro do desconto contemplado dos 2 puntos.

B. Libro de lectura: No cómputo da nota, estas probas terán unha unha carga dun 10%.

En cada avaliación haberá outra proba escrita, correspondente aos libros de lectura obrigatorios propostos polo departamento para cada avaliación, que incluírá cuestións de comprensión da obra para que o alumnado poida demostrar que a lectura completa foi realizada. Por outra banda, cabe a posibilidade de que durante o curso o alumnado se realicen lecturas voluntarias a indicación do profesorado. O prazo para informar da vontade de realizar estas lecturas voluntarias rematará ao fianlizar o mes de abril.

O control destas lecturas farase oralmente ou por escrito, e nunca puntuará negativamente aínda que o resultado sexa insatisfactorio. Esta actividade só se destinará a aquel alumnado que cumpra dúas condicións: a primeira, que os libros obrigatorios das avaliacións estean aprobados; a segunda, que a avaliación 3ª estea superada cun mínimo de 5.

Polas lecturas voluntarias realizadas na avaliación outorgarase ata un máximo de 1 punto que se sumará á nota final do curso ordinario.

C. Oralidade: No cómputo da nota, estas probas terán unha unha carga dun 5%.

Avaliarase o dominio da lingua e a corrección e fluidez na expresión oral, a constancia no uso do galego na aula a través de exposicións, debates, entrevistas co profesorado e intervencións na clase. O non emprego do galego na aula será valorado negativamente, e polo tanto non se obterá esta puntuación.

D. Actitude: No cómputo da nota, a actitude supón unha unha carga dun 5%.

En cada trimestre o alumnado deberá presentar os traballos de redacción, composición, investigación... que suxira o profesorado. Ademais, valorarase a participación na aula, o traballo diario, a atención durante as explicacións, a orde e coidado na toma de apuntamentos e presentación do caderno e a realización dos exercicios que se vaian propoñendo. Considerarase tamén neste apartado o traballo persoal, individual ou en grupo, e a presentación das actividades obrigadas e voluntarias; as preguntas na clase sobre os contidos, exposicións orais, comentarios de texto críticos e literarios e mais os traballos de investigación. o respecto polo traballo propio e dos demais, a concentración, as actitudes lingüísticas, a superación de prexuízos e o interese mostrado nas actividades formarán parte tamén deste criterio.

Polo tanto, a nota final de cada avaliación é continua e composta de cualificación cotiá, emprego oral da lingua, traballos realizados e entregados, lectura de obras obrigatorias e mais realización de probas escritas. Por iso, todo o alumnado debe participar nas probas e actividades que o profesorado indique por ter a consideración de actividades ou probas oficiais de avaliación. A cualificación de cada avaliación trimestral dependerá das obtidas nas diversas observacións e probas realizadas. Se nalgunha proba realizada se comprobouse que se empregan medios fraudulentos (copia de escritos, uso de apuntamentos ou libro, medios técnicos diversos¿) para superala, a proba na que se copiou resultaría coa cualificación de 0 puntos no cómputo da avaliación.

Cando se obteña, tras o exame de todas as observacións realizadas no trimestre, unha cualificación igual ou superior a 5 considerarase aprobado, e se a nota é inferior a 5 considerarase suspenso. Para o ¿redondeo¿ da cualificación da avaliación seguirase o seguinte procedemento:

Se as décimas acumuladas ao número enteiro son de 0,25, a nota aproximarase ao número enteiro inferior (é dicir, 5,25 resultaría en 5). Se as décimas acumuladas ao número enteiro son de 0,75, a nota aproximarase ao número enteiro superior (é dicir, 5,75 resultaría en 6). Se as décimas acumuladas ao número enteiro son de 0,5, a nota pode aproximarase ao número enteiro inferior ou superior, pois terase en conta se se presentaron todos os traballos, exposicións e exercicios; se todas as probas da avaliación están superadas (incluído libro de lectura ou oralidade); se houbo participación nas actividades da aula e se se mantivo en todo momento unha actitude positiva cara á materia. De ser esta a situación, o redondeo sería á alza (é dicir, 5,5 resultaría en 6). De non ser así, a cualificación aproximaríase ao número enteiro inferior (é dicir, 5,5 resultaría en 5).

O alumnado que non se presente a algunha proba e non alegue causa xustificada (redacción das NOF do Centro no seu punto 5.2 Asistencia xeral: "As ausencias a exames ordinarios por enfermidade ou causa similar serán xustificadas no momento de reincorporación, presentando certificación médica ou documento de entidade suficiente para a súa validación") non poderá realizar a proba fóra do horario establecido para o resto do alumnado, e constará no boletín a nota que leve acumulada durante a avaliación, tendo en conta que a proba non realizada terá a cualificación de 0. Caso de que a media fose a suficiente como para alcanzar un 5, non constará no boletín máis de un 4, deixando claro que a avaliación non está superada pola non realización de todas as probas. Tamén cabe a posibilidade de que a cualificación quede en branco, e a que se tería en conta sería a da seguinte avaliación, algo que vai en consonancia coa idea da avaliación continua. Queda a criterio do profesorado decidir excepcionalmente en casos individuais se estas medidas poden non cumprirse tendo en conta a situación persoal ou académica da alumna ou do alumno en cuestión. En canto á nota da 3ª avaliación, esta será o resultado do traballo progresivo do alumnado e de que acade os mínimos esixibles na materia. Se esta nota final é igual ou superior a 5, considerarase aprobado; de non ser así, considerarase que a materia non ten unha cualificación positiva. Estas cualificacións resultantes do último trimestre consignaranse na sesión de avaliación final, coincidente no tempo coa 3ª avaliación parcial. Polo tanto, a cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso.

Cráterios de recuperación:

A avaliación da materia é continua e polo tanto non se prevé a posibilidade da realización de probas de recuperación; polo tanto, os contidos engádense, nunca se eliminan, ata a 3ª avaliación, esta incluída. A nota final na avaliación ordinaria corresponderase coa cualificación da susodita 3ª avaliación. Débese diferenciar entre os contidos de lingua e sociolingüística, que sempre son sumativos, e os doutro tipo, como por exemplo os pertencentes ao bloque de literatura. Neste último caso o profesorado indicará cales son os contidos mínimos que entrarán na avaliación seguinte á realizada. Se a nota final de curso é igual ou superior a 5, considerarase aprobado; de non ser así, o alumnado suspenso deberá presentarse á materia na convocatoria extraordinaria, co total da materia aínda que algún bloque estea superado de forma individual.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado de 1º de bacharelato debe obter un mínimo de 5 na cualificación final do mes de xuño ou, no seu defecto, na proba extraordinaria. De non ser así, entenderase que a materia non se superou e deberá realizar os procedementos necesarios para que esta materia se supere ao longo do curso de 2º de bacharelato.

Tendo en conta que o traballo na aula soe iniciarse revisando as aprendizaxes adquiridas durante o pasado curso, e tendendo a completar os contidos que se puideran impartir con menor detalle, parece aconsellable ligar a recuperación da materia pendente ao progreso do alumnado no curso no que está matriculado. Neste sentido, o profesorado do nivel de referencia será o encargado de vixiar este proceso, orientalo e informar ao departamento dos resultados para que se teñan en conta na avaliación. Polo tanto, para o alumnado de bacharelato parece oportuno proporcionar dúas vías para conseguir o aprobado na materia pendente que deben recuperar:

Mediante a avaliación continua, tendo en conta o seu traballo na aula e nas cualificacións durante o primeiro e segundo trimestres do curso. Neste caso, a nota máxima sería a de 5. De non conseguir o aprobado por esta vía, poden presentarse a unha proba ordinaria final (maio) e outra extraordinaria (xuño), cuxos contidos versarán sobre literatura, sociolingüística e lingua, cualificada sobre 10.

DATAS DAS PROBAS QUE SE REALIZARÁN :

1ª avaliación: todo o período comprendido entre o 11 de setembro e o 21 de novembro

2ª avaliación: todo o período comprendido entre o 22 de novembro e o 20 de febreiro

Proba final ordinaria: 3 de maio de 2024

Proba final extraordinaria: xuño (por determinar)

CONTIDOS DA PROBA ORDINARIA:

1. Comunicación e linguaxe

2. O substantivo e o adxectivo.
3. A variación e a diversidade lingüística.
4. Historia da lingua: ata o século VIII
5. Historia da lingua: séculos IX a XIX
6. A literatura galega medieval.
7. Os determinantes e outros pronomes.
8. O pronome persoal.
9. Dos Séculos Escuros ao Prerrexurdimento.
10. O Rexurdimento.
11. Rosalía de Castro.
12. Eduardo Pondal e Curros Enríquez.

MATERIAL NECESARIO PARA A PREPARACIÓN DOS CONTIDOS: Os apuntamentos e exercicios que se facilitaron en 1º de bacharelato o curso pasado 22-23 na Aula Virtual da materia.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

O procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias só afecta ás programacións didácticas do 2º curso de bacharelato cuxa matrícula está condicionada á superación da materia de Lingua Galega e Literatura de 1º curso de bacharelato. Ao falarmos do curso de 1º de bacharelato, non procede especificar este apartado

6. Medidas de atención á diversidade

1. Na etapa de bacharelato prestarase especial atención ás alumnas e aos alumnos con necesidade específica de apoio educativo. Para estes efectos estableceranse as alternativas organizativas e metodolóxicas, e as medidas de atención á diversidade precisas para facilitar o acceso ao currículo deste alumnado, así como as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás súas necesidades.

2. A escolarización e a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo rexeráse polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso ao sistema educativo e na permanencia nel.

Así mesmo, fomentárase a equidade e inclusión educativa, a igualdade de oportunidades e a non discriminación do alumnado con discapacidade. Para iso estableceranse as medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas de accesibilidade e deseño universal que sexan necesarias para conseguir que este alumnado poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

3. Os centros docentes adoptarán as medidas necesarias, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, para responder ás necesidades educativas concretas das súas alumnas e dos seus alumnos, tendo en conta as súas circunstancias e os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.

Entre estas medidas estarán as de apoio educativo para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

4. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, poderá flexibilizarse conforme a normativa vixente, de forma que poida reducirse un curso a duración da etapa, cando se prevexa que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización.

5. Para a atención á diversidade do alumnado de bacharelato estarase ao disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como na normativa que o desenvolve.

Este instituto recibe en bacharelato un alumnado diverso procedente doutros centros. O estudantado é moi diferente e afronta a súa experiencia escolar de moi distintas maneiras. Procede de contextos socioculturais dispares, ten aptitudes cognitivas moi diversas e mostra unha maior ou menor disposición cara á aprendizaxe. Como resultado, as súas necesidades persoais e educativas son, no seu conxunto, distintas. Atender á diversidade do complexo panorama que presenta este alumnado, e conseguir mellorar os seus resultados académicos, require a adopción de medidas de carácter pedagóxico e metodolóxico de diferente tipo.

O estudantado, nesta etapa, manifesta unha gran diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe. Hai alumnado reflexivo (detéñense na análise dun problema) e alumnado impulsivo (responden moi rapidamente); alumnado analítico (pasan lentamente das partes ao todo) e alumnado sintético (abordan o tema

desde a globalidade); unha parte do alumnado traballa durante períodos longos e outra parte necesita descansos; alumnado que necesita un reforzo continuo e outro que non o precisa; haino tamén que prefire traballar en soidade e haino que desexa traballar en pequeno ou gran grupo.

O deseño dos apuntamentos de Lingua Galega e Literatura considera esa diversidade expoñendo a información de diferentes formas (textos explicativos, cadros-resumo, esquemas), utilizando os recursos que se ofrecen na rede e ofrecendo unha gran tipoloxía de actividades. É evidente que o proceso de detección de carencias farase tamén, no primeiro curso, a partir da avaliación inicial. Sen prexuízo da utilización de materias e métodos anteriormente indicados, para este nivel, ademais, propóñense as seguintes medidas para dar resposta á diversidade:

- Detectar as ideas previas mediante, por exemplo, diálogos na aula ou debates, que permitirán que o docente coñeza aos estudantes e eles, a si mesmos.
- Repasar as nocións estudadas con regularidade e resolver os problemas detectados.
- Realizar numerosas e diversas actividades que combinen as resolucións individuais e en pequeno e gran grupo, e a oralidade e o escrito.
- Utilizar recursos gráficos, dixitais, visionado de películas, etc.
- Usar o resumo da unidade como unha forma de autoavaliación.

As propostas que se fan nesta programación teñen como obxectivo contribuir á complexa tarefa docente que supón axustar o ensino ás características do estudantado ao que vai destinado. Incluímos aquí o alumnado repetidor, coa materia pendente, exento da materia e procedente doutras comunidades e países.

No noso proxecto, nesta etapa, a atención á diversidade abórdase a través de:

- Exercicios complementarios de gramática. Son exercicios, na súa maioría relacionados coa morfoloxía, que inciden nas habituais carencias que presenta o alumnado nesta etapa educativa e axudan a reforzar os coñecementos xa adquiridos en cursos anteriores. O profesorado poderá elixir entre eles os máis adecuados para o seu alumnado e o número que se haberán de realizar. A partir dos exercicios, o profesorado poderá analizar tamén os usos e expresións máis frecuentes dos seus alumnos na lingua oral.
- Exercicios de acentuación, morfosintaxe e semántica para que o alumnado puntúe correctamente os seus exercicios; analice elementos lingüísticos tales como lexemas, prefixos, sufixos, etc.; atope erros léxicos e semánticos; busque significados no dicionario, etc. O profesorado terá que decidir os máis convenientes para eles en función do grao de dificultade que estes presentan.
- Lecturas e comentarios de texto guiados mediante unha serie de preguntas que inciden nos aspectos e características máis relevantes destes.
- Invitación a manexar Internet como axuda complementaria ao exposto en determinadas unidades.

Este curso detectáronse entre o alumnado as seguintes cuestións en relación coa atención á diversidade:

- Alumnado con altas capacidades (alumnado que xa cursou o pasado curso neste centro). De ser necesario, desde o departamento de Orientación infórmase de que se aplicará o Protocolo para atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais, publicado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
- Alumnado TDAH. De ser necesario, desde o departamento de Orientación infórmase de que se aplicará o Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario, froito da coordinación entre a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
- Alumnado que responde ás características do espectro TEA. Alumnado Asperger. De ser necesario, desde o departamento de Orientación infórmase de que se aplicará o Protocolo que contempla o tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo (TEA), publicado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
- Alumnado disléxico (neste caso, infórmase ao alumnado dos especiais criterios de corrección que se aplicarán desde a CIUG, e que serán os que rexan para as probas realizadas durante o curso).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - CCL 1-2-3-4-5 A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con propósitos comunicativos diversos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - CP 2-3 A Competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - STEM 1-2-4 A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social		X	X	X	X	X	X	
ET.4 - CD 1-2-3-4 A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.				X	X	X	X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - CPSAA 1.1-3.1-4-5 A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar para autocoñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente; colaborar con outros de forma construtiva e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida.		X	X	X	X	X	X	
ET.6 - CC 1-2-3 A competencia cidadá contribúe a que o alumnado poida exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo.	X			X	X	X	X	
ET.7 - CE 3 A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas.				X			X	
ET.8 - CCEC 1-2-3.1-3.2-4.2 A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais.	X				X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.1 - CCL 1-2-3-4-5 A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con propósitos comunicativos diversos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - CP 2-3 A Competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - STEM 1-2-4 A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social	X	X	X	X		X	X	X
ET.4 - CD 1-2-3-4 A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.		X		X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.5 - CPSAA 1.1-3.1-4-5 A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar para autocoñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente; colaborar con outros de forma construtiva e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida.		X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - CC 1-2-3 A competencia cidadá contribúe a que o alumnado poida exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo.		X		X	X	X	X	X
ET.7 - CE 3 A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas.		X					X	X
ET.8 - CCEC 1-2-3.1-3.2-4.2 A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais.	X	X		X	X	X		

	UD 17	UD 18	UD 19	UD 20	UD 21	UD 22
ET.1 - CCL 1-2-3-4-5 A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con propósitos comunicativos diversos.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - CP 2-3 A Competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais	X	X	X	X	X	X
ET.3 - STEM 1-2-4 A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social	X	X	X	X	X	X
ET.4 - CD 1-2-3-4 A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.	X			X	X	X

	UD 17	UD 18	UD 19	UD 20	UD 21	UD 22
ET.5 - CPSAA 1.1-3.1-4-5 A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar para autocoñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente; colaborar con outros de forma construtiva e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - CC 1-2-3 A competencia cidadá contribúe a que o alumnado poida exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo.	X			X	X	X
ET.7 - CE 3 A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas.	X					
ET.8 - CCEC 1-2-3.1-3.2-4.2 A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais.				X	X	X

Observacións:

Elementos transversais

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

2. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos

Edificio Administrativo San Caetano, s/n

15781 Santiago de Compostela

www.edu.xunta.gal Páxina 20 de 599

humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.

3. Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, e incorporarse transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

4. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
¿Eu leo, ti les...?¿ para o alumnado de 1º e 2º de ESO	Exposición fotográfica para o fomento e mostra da lectura para o alumnado de 1º e 2º de ESO			
"Lingua de amor"	Exposición no mes de febreiro co motivo de San Valentín, creando o alumnado poemas de amor			
Entroido	Redacción das distintas tradicións e busca de información dos personaxes propios desta celebración. Posterior exposición na entrada do centro			
¿Rosalía"	Exposición organizada arredor da figura da autora con motivo do aniversario do seu nacemento no mes de febreiro			
¿Un libro na miña vida"	Celebración do Día do Libro para o alumnado de 1º de Bacharelato. Exposición de fragmentos de obras de lectura realizadas.			
Premios María Soliño	Participación do alumnado neste concurso literario			
Premios Minerva	Participación do alumnado neste concurso literario			
Semana das Letras Galegas	Exposicións de material bibliográfico divulgativo no mes de maio con motivo da Semana das Letras Galegas que xiran arredor da figura homenaxeada.			
¿Eu tamén escribo¿	Exposición de creacións propias elaboradas polo alumnado			
¿Non se ha de perder¿¿	Exposición de recolleita de vocábulos por parte do alumnado			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción.
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias ao alumnado que así o require.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Explicáronse e corríronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspena.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.

-A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Galega e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

-A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.

-A programación didáctica especifica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.

-Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.

-Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.

-As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.

-A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.

-A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.

-A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.

-A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.

-A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Ademais, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados